

RESUMO DO RD POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E ENSINANZAS MÍNIMAS DA EI.

O mércores 2 de febreiro publicouse no BOE o RD 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

[LER AQUÍ O TEXTO COMPLETO](#)

Segundo se di neste RD o obxecto é establecer os ensinamentos mínimos da Educación Infantil, entendida como unha etapa educativa única, con identidade propia e organizada en dous ciclos que responden ambos a unha mesma intencionalidade educativa.

Pode ser un primeiro avance nas reivindicacións das persoas traballadoras do 1º ciclo da EI de ser recoñecidas na ámbito educativo. Pero aínda queda moito por facer, hai que desenvolver este RD, hai que ver que sucede coas escolas infantís tal e como as coñecemos... Neste texto non atopamos nada que nos leve a ilusionarnos cun cambio grande na situación das persoas compañeiras das escolas infantís. O propio articulado da lei é mínimo e non di nada.

ÍNDICE:

- Artigo 1. Artigo 1. Obxecto. Páx.2.
- Artigo 2. Definicións. Páxs.2,3.
 - a) Obxectivos.
 - b) Competencias clave.
 - c) Competencias específicas.
 - d) Criterios de avaliación.
 - e) Saberes básicos.
 - f) Situacións de aprendizaxe.
- Artigo 3. A etapa de Educación Infantil no marco do sistema educativo.Páx.3.
- Artigo 4. Fins. Páx.3.
- Artigo 5. Principios xerais. Páx.3.
- Artigo 6. Principios pedagóxicos. Páx.4.
- Artigo 7. Obxectivos. Páx.4.
- Artigo 8. Áreas. Páx.5.
- Artigo 9. Competencias, criterios de avaliación e saberes básicos. Páx.5.
- Artigo 10. Currículo. Páx.5.
- Artigo 11. Horario. Páx.5.
- Artigo 12. Avaliación. Páx.6.
- Artigo 13. Atención ás diferenzas individuais. Páx.6.
- Artigo 14. Autonomía dos centros. Páxs 6,7.
- Disposición adicional primeira. Ensinanzas de relixión.Páx.7.
- Disposición adicional segunda. Ensinanzas do sistema educativo español impartidas en linguas estranxeiras. Páx.7.
- Disposición transitoria única. Aplicación do RD.Páx.7.
- Disposición derogatoria única. Derrogación normativa. Páx.7.

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

- Disposición derradeira primeira. Título competencial. Páxs.7,8.
- Disposición derradeira segunda. Aplicación. Páx.8.
- Disposición derradeira terceira. Calendario de implantación. Páx.8.
- Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor. Páx.8.
- ANEXO I. Competencias clave da E. Infantil. Páxs.9-12.
- ANEXO II. Áreas da E. Infantil. Páxs.12-34.
- ANEXO III. Situacións de aprendizaxe. Páxs.34,35.

RESUMO

Art 2. Definicións.

A efectos deste RD se establecen as definicións de obxectivos, competencias clave, competencias específicas, criterios de avaliación, saberes básicos e situacións de aprendizaxe...

Artigo 3. A etapa de Educación Infantil no marco do sistema educativo

1. A Educación Infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenos e nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade.
2. Esta etapa ordénase en dous ciclos...

Art 4. Fins

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións...

Artigo 5. Principios xerais

1. A Educación Infantil ten carácter voluntario.
2. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuíto...tenderase á progresiva implantación do primeiro ciclo mediante unha oferta pública suficiente e á extensión da súa gratuidade, priorizando o acceso do alumnado en situación de risco de pobreza e exclusión social e a situación de baixa taxa de escolarización.

Art 6. Principios pedagóxicos

1. A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada neno e de cada nena.
2. Dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas e na experimentación e o xogo...
3. Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e os hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe...
5. Ademais, favorecerase que nenos e nenas adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada e igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

6. As administracións educativas fomentarán o desenvolvemento de todas as linguaxes e modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia...

7. De igual modo..., poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación, na expresión visual e musical...

8. Corresponde ás administracións educativas fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do 2º ciclo.

Art 7. Obxectivos

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, así como as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía...
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.

Art 8 Áreas

1. Os contidos educativos da Educación Infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil...

2. As áreas da Educación Infantil son as seguintes:

- Crecemento en Harmonía.
- Descubrimento e Exploración da Contorna.
- Comunicación e Representación da Realidade.

3. Estas áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de situacións de aprendizaxe globais, significativas e estimulantes que axuden a establecer relacións entre todos os elementos que as conforman.

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

Art 9. Competencias, criterios de avaliación e saberes básicos

1. No anexo I deste real decreto establécense as competencias clave da etapa.
2. No anexo II fíxanse as competencias específicas de cada área, que serán comúns para os dous ciclos da etapa, así como os criterios de avaliación e os contidos, enunciados en forma de saberes básicos...
3. Para a adquisición e desenvolvemento das competencias ás que se refiren os apartados anteriores, o equipo educativo deseñará situacións de aprendizaxe, de acordo aos principios que, con carácter orientativo, se establecen no anexo III e nos termos que dispoñan as administracións educativas.

Art 10. Currículo

1. As administracións educativas establecerán o currículo de toda a etapa de Educación Infantil, do que formarán parte, en todo caso, os ensinamentos mínimos fixados neste real decreto para o segundo ciclo da etapa.
2. Os centros, como parte da súa proposta pedagóxica, desenvolverán e completarán o currículo establecido polas administracións educativas, adaptándoo...
3. O profesorado e o resto de profesionais que atenden aos nenos e as nenas adaptarán ás devanditas concrecións a súa propia práctica educativa, baseándose no Deseño Universal para a Aprendizaxe e de acordo coas características desta etapa educativa e as necesidades colectivas e individuais do seu alumnado.

Art 11. Horario

1. O horario na etapa de Educación Infantil entenderase como a distribución en secuencias temporais das actividades que se realizan nos distintos días da semana, tendo en conta que todos os momentos da xornada teñen carácter educativo.
2. O horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade con períodos de descanso en función das necesidades do alumnado.

Art 12. Avaliación

1. A avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
2. A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena..., tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.
3. O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e de aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados...

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

4. Os pais, as nais, os titores e as titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, fillas...

Artigo 13. Atención ás diferenzas individuais.

1. A atención individualizada constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.
2. A intervención educativa contemplará a diversidade do alumnado... co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.
3. As administracións educativas establecerán procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poden darse nos procesos de ensino e aprendizaxe...
4. Os centros adoptarán as medidas adecuadas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.
5. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e necesidades persoais dos nenos e nenas que presenten necesidades educativas especiais.
6. As administracións educativas poderán incorporar á súa oferta educativa as linguas de signos españolas.

Art 14. Autonomía dos centros

1. As administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado...
2. ... todos os centros que impartan Educación Infantil deberán incluír no seu proxecto educativo a proposta pedagóxica á que se refire o artigo 10.2...
3. Para garantir a continuidade do proceso de formación..., reflectirase no desenvolvemento curricular a necesaria continuidade entre esta etapa e a Educación Primaria... A tal fin, ao finalizar a etapa, o titor ou a titora emitirá un informe sobre o desenvolvemento e as necesidades de cada alumno ou alumna.

Disposición derradeira terceira. Calendario de implantación.

O contido do presente real decreto implantarase no curso escolar 2022-2023.